

# Creación de Novas Páxinas

Guía práctica para engadir novos apartados á web do Concello de Xunqueira de Ambía de forma segura, consistente e profesional.



# O Segredo: Duplicar, non crear dende cero

Para que a web manteña sempre o seu aspecto profesional, **non sempre creamos unha páxina dende cero**. Para moitos casos podemos duplicar unha das páxinas xa creadas para usalas de plantilla.

Con isto aforramos moito tempo en elixir o tipo de sección e pelexarnos coas limitacións de IONOS para facer que todo encaixe.



# Pasos para duplicar unha páxina

Segue estes catro pasos no panel de IONOS para clonar calquera páxina con exactitude:

1

## Menú "Páxinas"

No menú lateral esquerdo de IONOS, fai clic no apartado **"Páxinas"**.

2

## Buscar o modelo

Localiza na lista a páxina que queres usar como base de deseño.

3


## Duplicar

Selecciona a opción **"Duplicar"** no menú despregable.

4

## Renomear

Cambia o nome da páxina duplicada para identificala facilmente no teu panel de IONOS. Tamén é importante pór a descrición SEO do que vai ser a páxina para que apareza máis facilmente no buscador.



# Modificar o contido visual

Como é un clon, o deseño xa está listo. Só tes que substituír os elementos:

## Textos

Fai clic sobre os textos antigos e escribe os novos por riba. Os estilos, tamaños e cores mantéñense intactos.

## Fotografías

Fai clic nas imaxes, selecciona **"Substituír"** e elixe as novas.

## Deseño garantido

Botóns, tipografía, cores e pé de páxina quedan iguais automaticamente. Sen erros de maquetación.

# Conectar a páxina: Que ninguén se perda

De nada serve crear unha páxina perfecta se a veciñanza non pode chegar a ela. Hai **tres pasos** para conectala correctamente:

## Sección nova (visible no menú principal)

Hai que engadir o enlace en **dous sitios**:

1. Na **barra de navegación superior**
2. Nos **botóns do fondo** da páxina de inicio (se non se trata dunha subsección)

## Subgrupo (dentro doutra sección)

Só hai que engadir un **botón con imaxe** dentro da **sección pai** correspondente. Ex.: se o subgrupo pertence a "Servizos", éditas dentro de "Servizos".

## Evitar páxinas orfas

Sen este paso, a páxina quedará oculta e inaccesible para os usuarios, independentemente do tipo.

### Estructura del sitio web

Inicio



Área Interna: Mantem...



Sede Electrónica



Concello




Saúdo do Alcalde



Corporación Local



Proxectos Cofinancia...



## 2. Barra de navegación superior



## 3. Pé de páxina con botóns de enlace

## 1. Panel IONOS: Coloca a páxina no lugar correcto da estrutura de menú